

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E A ASOCIACIÓN DE ACTORES E ACTRICES DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ENCONTROS PROFESIONAIS DOS SECTORES AUDIOVISUAL E ESCÉNICO DENTRO DO PROXECTO "ESCARAMUZAS ARTÍSTICAS 2018"

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic) DECLARA:

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* pretende formalizar coa **Asociación de Actores e Actrices de Galicia** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende **a data da sinatura ata o 21 de decembro de 2018**.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O obxecto deste convenio é a realización de actividades relacionadas co desenvolvemento do proxecto "Escaramuzas artísticas", un programa de encontros que se desenvolverán nos últimos meses do ano en Santiago de Compostela coas seguintes propostas temáticas: "A escena no século XXI: teatro e teatro público" (26 de setembro), "Cinema documental na Galicia: o legado de Carlos Velo" (31 de outubro) e "O cinema como ferramenta na construción do relato: Eisenstein vs. Disney" (28 de novembro).

Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

A Asociación, tratando de recuperar e actualizar a longa tradición dos "faladoiros", deu inicio neste ano 2018 a un programa de encontros e debate para todos os profesionais dos sectores escénico e audiovisual que se presentan como puntos de reunión de periodicidade regular no que se abordan temas de interese para estes sectores. Estes encontros, que van dirixidos tamén ao público xeral de cara a crear un ecosistema de intercambio de opinións e impresións entre os profesionais e os seus públicos, teñen como obxectivo o tratamento e análise, nun ambiente distendido que invite á conversa, de temáticas de interese, fomentando o hábito do debate profesional e teórico entre os diferentes estamentos e oficios teatrais e audiovisuais.

Todo este esforzo no fomento dos sectores teatral e audiovisual que leva a cabo a Asociación de actores e actrices de Galicia oca organización destes encontros, coincide






XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

AGADIC



Axencia Galega das
Industrias Culturais

Cidade da Cultura de Galicia
Monte Gaiás, s/n
15707 Santiago de Compostela
tel.: 881 99 60 77 / 78
fax: 881 99 60 80
www.agadic.gal / agadic@xunta.gal

plenamente coa liña de difusión e promoción que a Agadic pretende levar a cabo, de aí que considere fundamental o apoio, a través da colaboración mutua, a este tipo de iniciativas, establecendo accións conxuntas coa Asociación que permitan a súa participación no desenvolvemento deste proxecto.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela.

galicia

